 - 35 ± 2 °C para *Staphylococcus* spp. e para *Moraxella* spp.
 - 25 ± 2 °C para *Entobacteriaceae* e *Vibrionaceae*.
 - $25-30 \pm 2$ °C para bacilos G+ non fermentadores.
3. Inundar a placa con ácido clorhídrico 1N e esperar 2 minutos. O ácido clorhídrico reacciona co ADN non alterado para formar un precipitado turbio.

1. PRuebas Bioquímicas



1.6 Detección de Exoenzimas.

Prueba de DNasa

➤ Resultados:

1. Se observa un halo transparente ó redor da zona inoculada ⇒ a bacteria en estudo **produce DNasa** ⇒ **prueba positiva**. Exemplo: *S. aureus*, *Serratia marcescens*.
2. Se non se observa halo, o medio permanece opaco ó redor do punto de inoculación ⇒ a bacteria **non produce DNasa** ⇒ **prueba negativa**. Exemplo: *S. epidermidis*, *Klebsiella pneumoniae*.




1. PRuebas Bioquímicas

UD5

1.6 Detección de Exoenzimas.


Prueba das Hemolisinas

- Esta proba detecta a produción de **hemolisinas** polas bacterias en estudo.
- As hemolisinas son unhas proteínas sintetizadas por algunhas bacterias, capaces de integrarse na parede celular dos eritrocitos e formar poros, provocando a saída de contido celular e a entrada de agua e a consecuente lisis celular.
- Para poder evidenciar a presenza da produción de hemolisinas, o cultivo farase nun agar con sangue.
- As hemolisinas poden ser de **tipo α** , que producen a lise parcial dos eritrocitos orixinando un halo verdoso ó redor da colonia, produto da oxidación da hemoglobina a metahemoglobina polo peróxido de hidróxeno producido polas bacterias; de **tipo β** que implica a lise total dos eritrocitos e aparece un halo transparente ó redor da colonia, ou **tipo γ** que non produce lise dos eritrocitos.



Estructura molecular de una Hemolisina (Fuente: Jawahar Swaminathan and MSD staff at the European Bioinformatics Institute [Public domain] vía Wikimedia Commons)

1. PROBAS BIOQUÍMICAS



1.6 DETECCIÓN DE EXOENZIMAS.


PROBA DAS HEMOLISINAS

➤ Procedemento:

1. Realízase unha sementeira por esgotamento en agar sangue.
2. Incubar a 35 ± 2 °C durante 18-24 horas en aerobiose (aínda que este dato podería variar en función do m.o en estudo).


➤ Resultados:

1. Se se observa un **halo verdoso** ó redor das colonias \Rightarrow a bacteria en estudo **produce hemolisina tipo α** \Rightarrow **proba positiva**. Exemplo: *Streptococcus pneumoniae*.
2. Obsérvase un **halo transparente** ó redor da colonia \Rightarrow a bacteria **produce hemolisina tipo β** \Rightarrow **proba positiva**. Ex.: *Streptococcus pyogenes*.
3. Se non se observa halo, o medio permanece sen cambios ó redor do punto de inoculación \Rightarrow a bacteria **non produce hemolisina** \Rightarrow **proba negativa**.



β -hemólise.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS



1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE

PROBA DE SENSIBILIDADE Á OPTOQUINA

- A optoquina é un antibiótico derivado da quinina.
- Utilízase para diferenciar *Streptococcus pneumoniae* doutras especies de estreptococos α -hemolíticos, como por exemplo *Streptococcus* grupo viridans.
- A optoquina inhibe o desenvolvemento de *S. pneumoniae* pero non o doutros estreptococos α -hemolíticos

➤ Procedemento:

1. Realízase unha sementeira en céspede con hisopo embebido nun cultivo puro, sobre un agar sangue (5-10% sangue de carneiro).
2. Colócase un disco de optoquina sobre o sementado.
3. Incubar a 35 ± 2 °C durante 18-24 horas en atmósfera cun 5-10% de CO₂.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS

UD5


1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE

PROBA DE SENSIBILIDADE Á OPTOQUINA

➤ Resultados:


1. Se non se observa un halo transparente ó redor da zona inoculada \Rightarrow a bacteria é resistente á optoquina. Exemplo: *Streptococcus salivarius*.
2. Se se observa halo, cun diámetro \geq a 14 mm \Rightarrow a bacteria é sensible á optoquina \Rightarrow esto supón unha identificación presuntiva de *Streptococcus pneumoniae*.
3. Se se observa halo, cun diámetro inferior a 14 mm \Rightarrow a proba non é concluínte. Habería que facer probas adicionais.

Algunhas cepas de *S. pneumoniae* non son inbidas pola optoquina.



S. Pneumoniae optoquina sensible.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS



1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE


PROBA DE SENSIBILIDADE Á BACITRACINA

- A bacitracina é un antibiótico que inhibe a síntese da parede bacteriana.
- A proba de sensibilidade a bacitracina permite discriminar entre os *Streptococcus* β -hemolíticos do grupo A (sensibles) do resto de *Streptococcus* β -hemolíticos (resistentes).

➤ Procedemento:

1. Realizar unha suspensión do cultivo puro de turbidez igual ó estándar 0,5 McFarland.
2. Realizar unha sementeira en céspede con hisopo embebido nun cultivo puro, sobre un agar sangue (5-10% sangue de carneiro).
3. Colocar un disco de bacitracina sobre o sementado.
4. Incubar a 35 ± 2 °C durante 18-24 horas en atmósfera cun 5-10% de CO₂.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS




1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE


PROBA DE SENSIBILIDADE Á BACITRACINA

➤ Resultados:

1. Se non se observa un halo transparente ó redor da zona inoculada \Rightarrow a **bacteria é resistente á bacitracina**. Exemplo: *Streptococcus agalactiae*.
2. Se se observa halo de inhibición \Rightarrow a **bacteria é sensible á bacitracina** \Rightarrow esto supón unha identificación presuntiva de *Streptococcus* β -hemolítico do grupo A. Ex.: *S. pyogenes*.



1. PROBAS BIOQUÍMICAS




1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE

PROBA DA SOLUBILIDADE EN BILIS

- As sales biliares provocan un descenso da tensión superficial e inducen a activación de certas enzimas autolíticas presentes nalgunhas especies bacterianas.
- En concreto interesa a activación dunha enzima autolítica, unha amidasa intracelular, presente en *Streptococcus pneumoniae*, que provoca a lise bacteriana. Isto permite diferenciar *S. pneumoniae* doutros estreptococos α -hemolíticos.
- Para esta proba utilízase un sal biliar: o [desoxicolato de sodio](#).
- A proba pode realizarse sobre cultivo en medio sólido ou en medio líquido.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS



1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE

PROBA DA SOLUBILIDADE EN BILIS

➤ Procedemento:

1. Proba en placa:

- Pártese dun cultivo fresco, da bacteria en estudo, en agar sangue ou agar chocolate.
- Engadir directamente sobre as colonias sospeitosas na placa de cultivo, unha gota de desoxicolato de sodio ó 10%.
- Incubar en estufa a 35°C ou a temperatura ambiente durante 15 minutos.

2. Proba en tubo:

- Preparar 0,5 ml dunha solución da bacteria con solución salina cunha turbidez equivalente a 0,5 McFarland.
- Repartir a solución en 2 tubos, 0,25 ml en cada un. A un deles engadirlle 0,25 ml de desoxicolato de sodio ó 2% e ó outro 0,25 ml de solución salina.
- Incubar a 35°C de 30 minutos a 2 horas.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS

UD5

1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE

PROBA DA SOLUBILIDADE EN BILIS


➤ Resultados:

1. **Método en placa:** se pasado o tempo de incubación as colonias desaparecen debido á lise celular ⇒ **proba positiva** ⇒ *Streptococcus pneumoniae*.
2. **Método en tubo:** se pasado o tempo de incubación se observa aclaramento no tubo que contén o desoxicolato de sodio, debido á lise celular ⇒ **proba positiva** ⇒ *Streptococcus pneumoniae*.



Aclaramento no tubo da dereita, o que implica lise celular e polo tanto identificación presuntiva de *S. pneumoniae*.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS



1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE

PROBA DE CRECEMENTO EN CALDO HIPERSALINO

- Esta proba básase na capacidade dalgunhas bacterias de medrar en presenza de altas concentracións de cloruro sódico, por encima do 6,5% de NaCl.
- O medio de cultivo que se utiliza é o **agar Manitol salgado**, dispoñible en caldo ou agar, que ademais dunha alta concentración de sal, leva como carbohidrato fermentable o manitol e un indicador de pH, polo tanto será un medio selectivo, debido á concentración de sal, e diferencial en base á capacidade de fermentación do manitol.
- Este medio utilízase para a identificación presuntiva de *Staphylococcus*.

1. PRuebas Bioquímicas

UD5

1.7 Pruebas de Sensibilidad


Prueba de Crecimiento en Caldo Hipersalino

➤ Procedimiento:

1. Sementar unha colonia fresca en medio hipersalino agar ou caldo.
2. Incubar a 35 ± 2 °C durante 18-24 horas.


➤ Resultados:

1. **Cultivo en medio sólido:** crecimiento de colonias \Rightarrow **prueba positiva**
 \Rightarrow identificación presuntiva de *Staphylococcus*.
2. **Cultivo en medio líquido:** aparición de turbidez \Rightarrow **prueba positiva**
 \Rightarrow identificación presuntiva de *Staphylococcus*.



A aparición de turbidez indica crecimiento bacteriano.

1. PRBAS BIOQUÍMICAS



1.8 SISTEMAS COMERCIAIS MULTIPROBAS

GALERÍAS MULTIPROBA

- Son sistemas de probas agrupados, que constan de 10 a 50 celdiñas individualizadas, cada unha delas cun sustrato liofilizado diferente. Algunhas poden incluír tamén probas de sensibilidade a certos antimicrobianos.
- Permiten un gran aforro de tempo e de espazo, pero son sistemas caros.
- Existen diferentes sistemas multiproba no mercado, algún dos máis coñecidos e utilizados son:
 - Galerías API (BioMérieux)
 - Galerías Enterotube (distribuídas en España por Liofilchem)
 - MicroID (Remel)
 - Oxi/Ferm Tube (BD)
 - Etc.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS

UD5

1.8 SISTEMAS COMERCIAIS MULTIPROBAS


GALERÍAS MULTIPROBA

➤ Procedemento:

1. Inocular cultivo puro fresco (24 horas) en cada un dos pocillos segundo as instrucións do fabricante.
2. Engadir reactivo revelador naqueles pocillos que indique o fabricante.
3. Incubar segundo as instrucións do fabricante.
4. Proceder á lectura de cada proba e anotar a secuencia de díxitos que resultan da lectura de cada tres pocillos, para conformar o código numérico correspondete ó m.o problema.



1. PROBAS BIOQUÍMICAS




1.8 SISTEMAS COMERCIAIS MULTIPROBAS

GALERÍAS MULTIPROBA

➤ **Resultados:**

- Hai distintos kits de probas comerciais no mercado, pero en xeral o método de interpretación dos resultados é similar:
 - As probas agrúpanse de tres en tres, levando cada unha un número xusto debaixo do pocillo, que se irá anotando naqueles casos en que a reacción dea positivo. Súmanse os números obtidos cada tres probas. Co conxunto de díxitos ordeados, resultado da lectura dos diferentes grupos de tres pocillos, fórmase un código que consultando a base de datos do fabricante nos dará unha identificación do m.o en estudo.


1. PROBAS BIOQUÍMICAS



1.8 SISTEMAS COMERCIAIS MULTIPROBAS


GALERÍAS MULTIPROBA

Exemplo de lectura de galería multiproba.



Galería API de BioMérieux. Inocúlase cada celdiña e anótase o resultado da proba, positivo ou negativo. A continuación súmanse os resultados das probas positivas para cada grupo de tres probas, e o número resultante pasa a formar parte do código numérico que identificará o m.o en estudo, que podemos consultar na base de datos do fabricante.

1. PROBAS BIOQUÍMICAS



1.8 SISTEMAS COMERCIAIS MULTIPROBAS

SISTEMAS COMERCIAIS AUTOMATIZADOS

- Trátase de equipos que utilizan galerías multiproba onde os procesos de inoculación, incubación e lectura están automatizados.
- A identificación bacteriana presenta un alto grao de fiabilidade.
- Moitos destes sistemas incorporan ademais das probas bioquímicas, probas de resistencia a antimicrobianos.
- Algúns destes sistemas disponibles no mercado son:
 - MicroScan®
 - ViTek®
 - ATB®
 - Pasco®
 - Etc.




Identificación bioquímica mediante sustratos clásicos

Determinación de resistencia y susceptibilidad de hasta 32 antibióticos

Panel multiproba de MicroScan


2. MÉTODOS INMUNOLÓXICOS E MOLECULARES



2.1 MÉTODOS INMUNOLÓXICOS

- Ademais de probas bioquímicas para a identificación dos m.o, tamén se poden identificar detectando os antíxenos que expresan na súa superficie ou os anticorpos específicos producidos polo hóspede infectado.
- As técnicas inumolóxicas ou inmunoensaio baséanse na **detección dos inumunocomplexos** que se forman in vitro, como consecuencia da reacción antígeno-anticorpo.
- Unha das mostras biolóxicas máis utilizadas nas técnicas de inumodiagnóstico é o **soro**, xa que é aí onde podemos illar os anticorpos circulantes, desenvolvidos fronte ós antígenos do patóxeno que está provocando a infección.
- Os antígenos bacterianos utilizados para a tipificación e identificación do m.o son: o **antígeno capsular K**, o **antígeno somático O** e o **antígeno flagelar H**.
- Cada m.o expresará uns antígenos de superficie específicos e distintivos, o que determinará o **serotipo** ou **serovar** ó que pertence.

2. MÉTODOS INMUNOLÓXICOS E MOLECULARES



2.1 MÉTODOS INMUNOLÓXICOS

TÉCNICAS DE AGLUTINACIÓN


- Básanse na capacidade de unión dos antíxenos ó seu anticorpo complementario formando inmunocomplexos ou agregados que poden visualizarse a simple vista.
- Algúns exemplos deste grupo de técnicas:
 - Proba rápida de aglutinación en placa para o diagnóstico de brucelose (**proba rosa de Bengala**).
 - Proba de aglutinación en látex para detectar anticorpos ASO ou ASLO (anticorpos fronte a estreptolisina O producida por estreptococos do grupo A, como *S. pyogenes*).
 - Proba da hemaglutinación indirecta (HAI) para detectar anticorpos fronte a *Toxoplasma gondii*.
 - Proba da inhibición da hemaglutinación (IHA) para o diagnóstico da rubeola.

2. MÉTODOS INMUNOLÓGICOS E MOLECULARES

UD5

2.1 MÉTODOS INMUNOLÓGICOS


TÉCNICAS DE AGLUTINACIÓN



Proba de aglutinación en porta para a Brucelose. Técnica de rosa de Bengala. Colócase unha gota dunha suspensión de *Brucella*, á que se lle engadiu o colorante rosa de Bengala, nun porta e despois mézclase cunha gota de soro do paciente. Se hai aglutinación \Rightarrow proba positiva.




Proba de aglutinación utilizando partículas de látex recubertas de anticorpos específicos para os diferentes antígenos somáticos (O) dos *Streptococcus*. Neste caso o que se detecta é o antígeno dos patóxenos na mostra biolóxica. Presenza de aglutinación \Rightarrow proba positiva.



Proba de hemaglutinación indirecta (HAI) para o diagnóstico de *Toxoplasma gondii*. Utilízase o soro do paciente en diferentes graos de dilución eponse en contacto con eritrocitos sensibilizados con antígenos somáticos e/ou citoplasmáticos de *T. gondii*. Presenza de aglutinación \Rightarrow proba positiva.

2. MÉTODOS INMUNOLÓXICOS E MOLECULARES



2.1 MÉTODOS INMUNOLÓXICOS

ELISA (inmunoadsorción ligada a enzimas)



- Esta técnica utiliza antígenos acoplados con una enzima e inmovilizados sobre un soporte.
- A este soporte engádesse o soro problema, e se nesa mostra están presentes os anticorpos específicos fronte ó antígeno inmovilizado no soporte, levarase a cabo unha reacción antígeno-anticorpo.
- Para poder evidenciar a unión entre antígeno e anticorpo, adiciónase ó soporte un sustrato cromoxénico que ó ser metabolizado pola enzima dará como resultado un produto coloreado.
- Os resultados lense cun espectrofotómetro ou un colorímetro.

2. MÉTODOS INMUNOLÓGICOS E MOLECULARES

UD5

2.1 MÉTODOS INMUNOLÓGICOS


ELISA (inmunoadsorción ligada a enzimas)



Resultados test de ELISA

<https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=56Pb3Dv32mA> (vídeo explicativo test de ELISA)

2. MÉTODOS INMUNOLÓXICOS E MOLECULARES



2.2 MÉTODOS MOLECULARES

MÉTODOS XENOTÍPICOS

- Identifícase o m.o en base ó seu material xenético.
- O material xenético máis utilizado para a identificación bacteriana é o ARNr 16S. Éste contén secuencias altamente conservadas que se poden correlacionar cun grupo filoxenético determinado.
- A técnica consiste en :
 - Illar e purificar o material xenético dun cultivo puro (tamén se pode facer a partir do ADN obtido directamente da mostra).
 - Amplificalo por PCR.
 - Secuencialo.
 - Comparalo coas bases de datos (bancos de xenomas como GenBank) para obter a identificación.

2. MÉTODOS INMUNOLÓGICOS E MOLECULARES


UD5

2.2 MÉTODOS MOLECULARES


MÉTODOS XENOTÍPICOS

MICROARRAYS (chips de ADN ou ARN)

- Esta técnica permite estudar a expresión de moitos xenes á vez, o que podería ser útil para a identificación de patóxenos nunha infección mixta (polimicrobiana).
- Sobre un soporte (chip) hai adheridas miles de secuencias xénicas, que cando se poñen en contacto co ADN ou ARN da mostra problema, terá lugar unha reacción positiva naqueles casos en que exista complementariedade de bases.
- As reaccións positivas detéctase pola emisión de luz.




Esquema do fundamento dun chip de ADN ou ARN



Lectura dos xenes presentes na mostra mediante fluorescencia.


2. MÉTODOS INMUNOLÓGICOS E MOLECULARES



2.2 MÉTODOS MOLECULARES


MÉTODOS PROTEÓMICOS: MALDI TOF

- Dentro das múltiples aplicacións da **espectrometría de masas** está a identificación de m.o.
- Trátase dun método fiable e rápido **basado no perfil proteico do m.o.** Utilízanse proteínas altamente conservadas para a identificación.
- Algunhas mostras pódense usar directamente mentres que outras é necesario sometelas a un proceso de extracción para eliminar artefactos. A fase de extracción suele ser necesaria en mostras de hemocultivos positivos, en estudos de fungos filamentosos e dalgunhas micobacterias.



Identificación de m.o mediante espectrometría de masas MALDI-TOF.

2. MÉTODOS INMUNOLÓXICOS E MOLECULARES



2.2 MÉTODOS MOLECULARES

MÉTODOS PROTEÓMICOS: MALDI TOF

➤ Procedemento:

As mostras son analizadas por grupos de tipo de mostra, por exemplo: hemocultivos, exudados, etc.

1. **Asociar cada mostra coa posición do pocillo** na que se deposita na placa, para despois poder identificar cada espectro a qué mostra corresponde.
2. **Cargar as placas.** Se son mostras sólidas, pode facerse depositando $1\mu\text{g}$ aproximadamente cun palillo de madeira e extender ben sobre o pocillo. Para mostras líquidas: depositar con micripipeta $1\mu\text{l}$ de mostra no pocillo.
3. **Cargar o control BTC** (bacterial test standard), que é unha cepa ATCC de *E. coli* con dúas proteínas adicionais, ARNasa e microglobulina, con espectro coñecido. O control suele estar liofilizado, e é necesario reconstituilo, e despois gardar alícuotas a -20°C .
4. **Deixar secar** completamente a placa a T^{a} ambiente.
5. **Engadir a solución matriz** que debe estar na mesma proporción que a mostra (aprox. $1\mu\text{l}$)
6. **Deixar secar** completamente a T^{a} ambiente.
7. **Introducir a placa no equipo.**


2. MÉTODOS INMUNOLÓGICOS E MOLECULARES

UD5

2.2 MÉTODOS MOLECULARES


MÉTODOS PROTEÓMICOS: MALDI TOF

➤ Procedemento:



Imaxe esquerda: carga da placa para Maldi Tof. Imaxe da dereita: esquema de traballo.

2. MÉTODOS INMUNOLÓGICOS E MOLECULARES



2.2 MÉTODOS MOLECULARES

MÉTODOS PROTEÓMICOS: MALDI TOF

➤ Resultados:

- O software do equipo compara os espectros proteicos obtidos dos diferentes pocillos cos espectros da base de datos, e da unha identificación por pocillo (se é posible) cunha puntuación ou *score*, que nos indica o grao de correlación que existe entre os dous espectros.
- Debemos comprobar que a identificación do control é correcta.
- Interpretación do grao de puntuación ou *score*:
 - **Puntuación igual ou superior a 2** \Rightarrow identificación correcta a nivel de xénero e especie.
 - **Puntuación entre 1,5 e 1,9** \Rightarrow identificación correcta a nivel de xénero pero dudosa a nivel de especie.
 - **Puntuación menor de 1,5** \Rightarrow identificación dudosa a nivel de xénero e especie.
 - Non aparece puntuación: o equipo non recoñece o espectro.


2. MÉTODOS INMUNOLÓGICOS E MOLECULARES

UD5

2.2 MÉTODOS MOLECULARES


MÉTODOS PROTEÓMICOS: MALDI TOF

➤ Resultados:



Nombre de la muestra	ID de la muestra	Organismo (mejor candidato)	Puntuación	Organismo (segundo mejor candidato)	Puntuación
G1 (++) (A)	bts-001	Escherichia coli	2.298	Escherichia coli	2.196
G2 (-) (C)	14123836-001	no se han encontrado picos	< 0	no se han encontrado picos	< 0
G3 (++) (A)	14134441-001	Staphylococcus epidermidis	2.097	Staphylococcus epidermidis	2.004

2. MÉTODOS INMUNOLÓXICOS E MOLECULARES



2.2 MÉTODOS MOLECULARES

MÉTODOS PROTEÓMICOS: MALDI TOF

➤ Precaucións no uso:


- As mostras sólidas deben quedar moi ben extendidas no correspondente pocillo, conseguindo o máis parecido a unha monocapa.
- A matriz funciona mellor recién preparada, pois co tempo de almacenamento cristaliza e a reacción de absorción-desorción non é correcta.
- O equipo require unha limpeza da fonte de ionización, que se realiza nun intervalo dunha semana a 15 días dependendo do número de mostras procesadas.
- O equipo require unha calibración diaria e outra específica tras a limpeza da fonte de ionización.



....aún faltan os
antibiogramas



3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS



3.1 OS ANTIBIÓTICOS

Os antibióticos son sustancias que interfieren no crecemento e afectan á supervivencia das bacterias.

3.1.1 MECANISMOS DE ACCIÓN DOS ANTIBIÓTICOS

Hai cinco mecanismos de acción básicos:

- Inhibición da síntese da parede bacteriana.
- Alteración da integridade da membrana citoplasmática.
- Inhibición da síntese ou das funcións dos ácidos nucleicos.
- Inhibición da síntese proteica.
- Acción sobre as vías metabólicas.


Mecanismos de acción

Mecanismos de resistencia

Transmisión de resistencia

<https://www.youtube.com/watch?v=n5w22tWfYX4>

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS




3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.1 MECANISMOS DE ACCIÓN DOS ANTIBIÓTICOS

Para que un antibiótico poida exercer a súa acción necesita alcanzar primeiro a súa diana, e para eso:

- O antibiótico non debe ser degradado ou inactivado polo organismo da persoa infectada. Debe chegar ata a zona de infección, ata as bacterias, en concentración suficiente.
- Unha vez en contacto coas bacterias debe ser capaz de interactuar coa súa diana de acción, xa sexa a parede bacteriana, a membrana citoplasmática ou algún compoñente intracelular, neste último caso implicaría que o antibiótico teña que atravesar a membrana plasmática \Rightarrow debe ser lipofílico.
- E por último tería que superar os mecanismos de resistencia das bacterias: produción de enzimas que degraden o antibiótico, sistemas de expulsión do interior celular, bloqueo da entrada a través da membrana, evitar a hidrólise, etc.



3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.2 CLASIFICACIÓN DOS ANTIBIÓTICOS

➤ **Atendendo á zona de actuación**

- **Acción local** (administración tópica).
- **Acción sistémica.**


➤ **Atendendo ó efecto sobre as bacterias**

- **Bacteriostáticos:** bloquean o desenvolvemento e a multiplicación.
- **Bactericidas:** provocan a morte das bacterias.

➤ **Atendendo ós grupos bacterianos afectados**

- **Amplo espectro:** actúan sobre un gran número de bacterias distintas.
- **Espectro medio:** actúan sobre un grupo limitado de bacterias.
- **Espectro curto:** actúan sobre un só tipo de bacterias ou sobre un número moi reducido delas.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS









3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.2 CLASIFICACIÓN DOS ANTIBIÓTICOS

GRUPOS DE ANTIBIÓTICOS SEGUNDO A ESTRUTURA QUÍMICA

- ✓ **BETALACTÁMICOS:** penicilinas, cefalosporinas, carbapenémicos, monobactámicos e inhibidores de betalactamasas (ácido clavulánico).
- ✓ **MACRÓLIDOS:** eritromicina, claritromicina, azitromicina.
- ✓ **AMINOGLUCÓSIDOS:** estreptomina, gentamicina.
- ✓ **POLIPEPTÍDICOS:** polimixina e vancomicina.
- ✓ **QUINOLONAS:** ácido nalidíxico, ciprofloxacino, levofloxacino, moxifloxacino.
- ✓ **TETRACICLINAS:** tetraciclina, doxiciclina, glicilciclinas.

 Anillo betalactámico + Anillo secundario = Núcleo del betalactámico → GRUPO ANTIBIÓTICO			
	Anillo tiazolidínico	Ácido 6-aminopenicilánico	PENICILINAS
	Anillo dihidrotiacínico	Ácido 7- α -cefalosporínico	CEFALOSPORINAS
	Anillo pirrolínico	Carbapenemo	CARBAPENEMAS
	Ninguno	Monobactamo	MONOBACTÁMICOS
	Anillo oxazolidínico	Clavamo/oxapenamó	ÁCIDO CLAVULÁNICO ^a

^aTodos los inhibidores de las betalactamasas que se usan en la práctica (ácido clavulánico, sulbactam y tazobactam) tienen estructura betalactámica. El sulbactam y el tazobactam son derivados sulfónicos del ácido penicilánico.

Antibióticos pertenentes ós betalactámicos.


3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

UD5

3.1 OS ANTIBIÓTICOS


3.1.3 SITIO DE ACCIÓN DOS ANTIBIÓTICOS

- A nivel da parede celular.
- A nivel da permeabilidade da membrana plasmática.
- Inhibindo a síntese de ácidos nucleicos.
- Inhibindo a síntese de proteínas.
- Actuando sobre as vías metabólicas. Antagonistas do metabolismo.



Mecanismo de acción dos diferentes grupos de antibióticos.


3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS



3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.3 SITIO DE ACCIÓN DOS ANTIBIÓTICOS

Os antibióticos betalactámicos actúan competindo coa proteína que establece os enlaces entre as cadeas N-acetilglucosamina e o N-acetil-murámico para formar o péptidoglicano, impedindo a formación da parede.



NAM: Ácido N-acetilmurámico; NAG: Ácido N-acetilglucosamina; PBP: Penicillin Binding Protein


3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.4 ELECCIÓN DUN ANTIBIÓTICO

Para elixir o antibiótico adecuado para tratar cada infección, débense ter en conta os seguintes factores:

- **O antibiótico e o paciente:** o antibiótico debe alcanzar a súa diana farmacolóxica nunha concentración eficaz, sen que esto supoña toxicidade para o paciente.
- **O paciente e a bacteria:** o paciente pode presentar diferentes graos de inmunidade que condicionen a capacidade de infección da bacteria, pero tamén pode presentar factores que favorezan esa infección e que aumenten a virulencia.
- **O antibiótico e a bacteria:** a bacteria deberá ser sensible ó antibiótico utilizado e non presentar mecanismos de resistencia.



Triángulo de Davis


3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

UD5

3.1 OS ANTIBIÓTICOS


3.1.5 MECANISMO DE RESISTENCIA Á ANTIBIÓTICOS

- O uso indiscriminado dos antibióticos, tanto na saúde humana como animal, levou a aparición de múltiples resistencias das bacterias ós antibióticos.
- Os antibióticos máis utilizados son o grupo dos betalactámicos, por eso é un dos grupos que tamén acumula o maior número de resistencias.



Uso dos antibióticos en relación ó tipo ou grupo.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS



3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.5 MECANISMOS DE RESISTENCIA A ANTIBIÓTICOS

INACTIVACIÓN ENZIMÁTICA DO ANTIBIÓTICO


- A bacteria sintetiza enzimas que inactivan o antibiótico.
- As máis importantes son as **betalactamasas** e **carbapenemasas**, inactivan os antibióticos betalactámicos, por hidrólise.
- Os antibióticos betalactámicos inhiben a síntese da **parede celular** e constitúen a familia máis numerosa de antibióticos.
- Entre os antibióticos betalactámicos temos: os **derivados da penicilina**, as **cefalosporinas** e os **carbapenémicos**.

Proteínas (enzimas) que:
• Hidrolizan (rompen) a los antibióticos

• Cefalosporinas

Ejemplo:
Betalactamasas

• Carbapenemasas




Resistencia a cefalosporinas:
• 1ª y 2ª generación
• 3ª generación (derrepresentación*)

Infecciones causadas por *Klebsiella aerogenes* y *Enterobacter cloacae*

Resistencia a carbapenémicos

Infecciones causadas por bacterias no fermentadoras y enterobacterias

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS




3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.5 MECANISMOS DE RESISTENCIA A ANTIBIÓTICOS

ALTERACIÓN NAS BARREIRAS DE PERMEABILIDADE


Trátase de mecanismos que limitan ou impiden a entrada do antibiótico na bacteria. Pódese producir por diferentes mecanismos:

- Alterando as porinas de membrana, como consecuencia de mutacións.
- Alterando os sistemas de transporte a través de membrana. Modificando os receptores de entrada á célula.
- Desarrollando mecanismos de expulsión activa.



Cadro resumo de mecanismos de resistencia que afectan á permeabilidade

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS




3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.5 MECANISMOS DE RESISTENCIA A ANTIBIÓTICOS


ALTERACIÓN DA DIANA

- Algúns mecanismos baséanse en alterar a diana do antibiótico na bacteria, o que evita que se poida unir e actuar.
- Unha mesma bacteria pode desenvolver varios mecanismos de resistencia e a varios antibióticos distintos.



O xene *mecA* codifica para unha proteína fixadora de penicilina da parede bacteriana, que determina que estes antibióticos non poidan actuar, favorecendo a resistencia a maioría dos antibióticos betalactámicos.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS



3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.6 BACTERIAS MULTIRRESISTENTES

Considérase unha **cepa multirresistente** cando presenta mecanismos de resistencia a tres ou máis familias de antibióticos.

- As bacterias Gram negativas suelen acumular maior grao de resistencia, xa que a súa parede ofrece maior impedimento á entrada dos antibióticos.
- A OMS fai unha clasificación das bacterias multirresistentes en tres grupos de prioridade:
 - **Prioridade 1 (crítica):** *Acinetobacter baumannii*, *Pseudomonas aeruginosa* e Enterobacterias resistentes a carbapenémicos e productoras de betalactamasas.
 - **Prioridade 2 (alta):** *Enterococcus faecium*, *Staphylococcus aureus*, *Helicobacter pylori*, *Campylobacter* spp., Salmonelas resistentes a fluoroquinolonas e *Neisseria gonorrhoeae*.
 - **Prioridade 3 (media):** *Streptococcus pneumoniae*, *Haemophilus influenzae* resistente a ampicilina e *Shigella* spp. resistente a fluoroquinolonas.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

UD5


3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.6 BACTERIAS MULTIRRESISTENTES

LISTA DE PATÓGENOS MULTIRRESISTENTES PRIORITARIOS (OMS)

Ademais dos incluídos na lista está a resistencia ós tratamentos convencionais de *Mycobacterium tuberculosis*, que está indo en aumento nos últimos anos.

Prioridad 1: crítica	<i>Acinetobacter baumannii</i> resistente a carbapenémicos	Cocobacilo gramnegativo
	<i>Pseudomonas aeruginosa</i> resistente a carbapenémicos	Bacilo gramnegativo
	Enterobacterias resistentes a carbapenémicos y productoras de betalactamasas de espectro extendido (ESBL o BLEE)	Bacilo gramnegativo
Prioridad 2: alta	<i>Enterococcus faecium</i> resistente a vancomicina	Cocobacilo grampositivo
	<i>Staphylococcus aureus</i> resistente a meticilina, con sensibilidad intermedia y resistencia a vancomicina	Cocobacilo grampositivo
	<i>Helicobacter pylori</i> resistente a claritromicina	Bacilo gramnegativo
	<i>Campylobacter</i> spp. resistente a fluoroquinolonas	Bacilo gramnegativo
	Salmonelas resistentes a fluoroquinolonas	Bacilo gramnegativo
Prioridad 3: media	<i>Neisseria gonorrhoeae</i> resistente cefalosporina y resistente a fluoroquinolonas	Diplococo gramnegativo
	<i>Streptococcus pneumoniae</i> sin sensibilidad a la penicilina	Diplococo grampositivo
	<i>Haemophilus influenzae</i> resistente a ampicilina	Cocobacilo gramnegativo
	<i>Shigella</i> spp. resistente a fluoroquinolonas	Bacilo gramnegativo



3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS


3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS

MÉTODO DE DIFUSIÓN EN DISCO

- Trátase dun **método cualitativo**, onde a resposta vai ser:
 - **S**: sensible na dose habitual \Rightarrow o antibiótico é unha boa opción terapéutica.
 - **R**: resistente \Rightarrow o antibiótico non será efectivo no tratamento da infección.
 - **I**: sensible incrementando a exposición \Rightarrow o antibiótico ten certo efecto sobre a bacteria pero utilizando doses superiores ás habituais ou aumentando a frecuencia da administración.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS



3.1 OS ANTIBIÓTICOS


3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS

MÉTODO DE DIFUSIÓN EN DISCO

➤ Fundamento:

- Colócanse un ou varios discos de papel de filtro impregnados co antibiótico que se vai testar, nunha concentración coñecida, sobre unha placa de cultivo inoculada co m.o en estudo.
- Ó entrar en contacto co agar húmido o antibiótico difunde radialmente, de maneira que ó aumentar o radio diminúe a concentración de antibiótico, creando un gradiente de concentración.
- Este método **non é válido para m.o anaerobios nin m.o de crecemento lento**, porque necesitan tempos de incubación prolongados. **Tampouco é aplicable** a antibióticos que difunden lentamente como o caso da **Polimixina B**.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS



3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS

MÉTODO DE DIFUSIÓN EN DISCO

➤ Procedemento:

1. Preparar inóculo:

- Separar de 3 a 5 colonias iguais da placa para inoculalas en 5 ml de medio líquido.
- Incubar a 35 °C durante 2-6 horas ata conseguir unha turbidez de 0,5 da escala de McFarland (se nos pasamos axustamos a turbidez engadindo soro fisiolóxico estéril).

Despois de conseguir un crecemento que equivala á escala 0,5 McFarland, non esperar máis de 15 minutos para facer a sementeira en céspede, pois os antibióticos actúan sobre elementos implicados na multiplicación e desenvolvemento da bacteria (formación da parede, síntese de ADN e/ou proteínas, etc), e se ésta se atopa en fase estacionaria, non surtirán efecto.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

3.1 OS ANTIBIÓTICOS


3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS

MÉTODO DE DIFUSIÓN EN DISCO

➤ Procedemento:

2. Inoculación das placas:

- O medio utilizado normalmente é o Müller Hinton (cada placa debe ter uns 4 mm de alto, uns 25-30 ml de medio, senón pode afectar á difusión do antibiótico).
- Facer unha sementeira en céspede cun hisopo embebido no medio de cultivo líquido, unha vez acadada a turbidez indicada (non esperar máis de 15 minutos).
- Deixar secar o sementado durante 5 minutos.



3. PRuebas de Sensibilidad a Antibióticos

UD5

3.1 OS ANTIBIÓTICOS


3.1.7 PRuebas de Sensibilidad: Antibiógramas

Método de Difusión en Disco

➤ Procedimiento:

3. Colocación do antibiótico:

- Cunhas pinzas estériles colocar o disco co antibiótico sobre a placa, aplicando unha lixeira presión para que contacte ben co agar.
- Pódense colocar varios discos na mesma placa, respectando as distancias entre discos indicadas polo fabricante.
- Esperar 15 minutos a que o antibiótico difunda no agar.



Esquema do procedemento do método de difusión en disco.

3. PRUEBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

UD5

3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.7 PRUEBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS

MÉTODO DE DIFUSIÓN EN DISCO

➤ Procedemento:


4. Incubación:

- Incubar a 35 °C durante 18-24 horas en posición invertida.

5. Lectura:

- Medir o halo formado ó redor da cada disco.
- Os diámetros poden variar dunha combinación antibiótico-bacteria a outra pero en xeral cun diámetro de halo de 25-30 mm considérase **Sensible**, e un diámetro **inferior a 15 mm considérase Resistente**.

Pruebas de sensibilidad por difusión en agar




Antibiograma


Método de Kirby-Bauer (1960)

Medio Mueller-Hinton

McFarland 0,5



Resultados antibiograma de difusión en disco.



Recta de correlación entre la CMI y el halo de inhibición

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS

TIRA DE GRADIENTE DE CMI (test Epsilon ou Etest®)

➤ Fundamento:

- Similar a difusión en disco.
- Trátase dunha tira de plástico ou papel impregnada nun determinado antibiótico establecendo un gradiente de concentración.
- O antibiótico difundirá polo agar de igual maneira que no caso dos discos.
- O medio máis utilizado é tamén o Müller Hinton.

➤ Procedemento:

- Similar a difusión en disco.



UD5



3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS

TIRA DE GRADIENTE DE CMI (test Epsilon ou Etest®)

➤ Lectura:

- Se **non se observa halo** ó redor da tira implica que non hai inhibición polo tanto é **Resistente**.
- Se **hai halo**, éste presentarse simétrico a ambos lados da tira e mirarse o punto de corte entre o halo formado e a tira, esa será a **CMI** (concentración mínima inhibitoria) para ese antibiótico con ese m.o.

UD5



Resultados Etest®.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS


DILUCIÓN EN AGAR

- É o test de referencia (*gold standard*) porque está ben estandarizado e reproducible, pero é moi laborioso.
- Consiste en mezclar o antibiótico co medio de cultivo a diferentes concentracións e, sobre esta serie de placas, faise a sementeira co inóculo do m.o en estudo.
- Incúbbase e anótase en qué concentración mínima se observa inhibición do crecemento \Rightarrow CMI


UD5



Figura 1. Determinación de la Concentración inhibitoria mínima (CIM) y de la Concentración Bactericida Mínima (CBM)



3. PRuebas de sensibilidad a antibióticos




3.1 OS ANTIBIÓTICOS


3.1.7 PRuebas de sensibilidad: Antibiogramas

Dilución en caldo

Prueba de dilución en caldo: Caldo de Mueller-Hinton



Pruebas de sensibilidad por dilución



Procedimiento e lectura similar á dilución en agar.

3. PROBAS DE SENSIBILIDADE A ANTIBIÓTICOS

3.1 OS ANTIBIÓTICOS

3.1.7 PROBAS DE SENSIBILIDADE: ANTIBIOGRAMAS


MÉTODOS AUTOMATIZADOS

- A maioria utilizam sistemas de microdilución en pocillos de microplacas.
- O crescimento bacteriano é lido por un autoanalisador que pode utilizar turbidometría ou fluorometría.
- Algunhas empresas comercializan galerías multiproba bioquímicas que tamén incorporan probas de sensibilidade a antibióticos, para sistemas automatizados de inoculación, incubación e lectura.



Equipo Vitek® para antibiograma

FIN DO TEMA



.....A TRABALLAR